



Concello de Vigo  
Expte. 4047/1101

**DILIGENCIA:** Para hacer constar que el presente edicto estuvo expuesto en el Tablón oficial de anuncios de este Ayuntamiento, durante el plazo reglamentario.

Expte: 2116-232  
Rehirar, 02-11-2023

Vigo, 02-11-2023  
El Secretario General  
P.A.  
El Jefe del Registro General.  
*Jose Manuel Gonzalez Ucha*



## ACTA

### PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 16/2023

### SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 25 DE SETEMBRO DE 2023

### ORDE DO DÍA

UNICO.- Actuacións do Goberno municipal en relación ao concerto de Guns N' Roses celebrado na cidade de Vigo. Expte. Pleno 4006/1101.

#### ASISTENTES

#### POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Ilmo. Sr. Alcalde  
Aguiar Castro, Yolanda  
Alonso Suarez, Olga  
Aneiros Pereira, Jaime  
Caride Estévez, María José  
Espinosa Mangana, Elena  
Estevez Rodríguez, Pablo Luis  
Fernández Pérez, José Manuel  
Gomez Díaz, Gorka  
Iglesias González, Ana Laura  
Lago Barreiro, M.<sup>a</sup> del Carmen  
López Font, Carlos  
Mejías Sacaluga, Ana Maria  
Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
Rodríguez Calviño, Patricia  
Rodríguez Rodríguez, Nuria  
Silva Rego, M.<sup>a</sup> Carmen

#### POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Fernández Tapias, Marta  
Garrido Valenzuela, Irene  
Gonzalez Abeijon, Fernando  
Martin Peña, Jose Miguel  
Sanchez Méndez, M.<sup>a</sup> Luisa

#### POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Abalde Comesaña, Filipe  
Martinez Piñeiro, Ana  
Pérez Igrexas, Xabier

#### NON ASISTEN:

Losada Alvarez, Abel Fermín, concelleiro do grupo municipal Socialista.  
Rivas González, Ángel, concelleiro do grupo municipal Socialista.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e oito minutos do día vinte e cinco de setembro do ano dous mil vinte e dous, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abalde Comesaña, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Fernández-Tapias Núñez, Garrido Valenzuela, Gómez Díaz, González Abeijón, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Martín Peña, Martínez Piñeiro, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Pérez Iglesias, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Sánchez Méndez, e Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

### **UNICO.(181). ACTUACIÓNS DO GOBERNO MUNICIPAL EN RELACIÓN AO CONCERTO DE GUNS N' ROSES CELEBRADO NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. PLENO 4006/1101.**

ANTECEDENTES: En data 7 de setembro de 2023, nº Rexistro Pleno 4006, os concelleiros do BNG e do Partido Popular presentaron o seguinte escrito,

"AO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VIGO  
*SOLICITUDE DE PLENO EXTRAORDINARIO*

#### MOTIVACIÓN

A celebración dun concerto da banda musical *Guns N' Roses* o pasado 12 de xuño de 2023 no estadio municipal de Balaídos ficou envolvida de evidentes dúbidas e sospeitas, a principio polo feito de ser anunciado publicamente polo alcalde malia non ser un acto organizado polo Concello de Vigo e ter sido publicitado con presenza do seu logotipo oficial da institución municipal.

A esta cuestión engádense os flagrantes indicios de graves irregularidades administrativas que, nalgún extremo poderían incorrer en ilícitos penais, a respecto do seu patrocinio publicitario por importe de 1.891.946, 1264 euros que se pretendeu licitar a través dun presunto concurso público anunciado o 25 de abril de 2023, exactamente seis meses despois de que o concelleiro-delegado de Festas remitise á promotora do concerto unha carta de interese comprometendo, para alén da cesión gratuíta do estadio, unha achega económica por un importe practicamente equivalente.

A referida carta de interese foi emitida sen que se abrise o preceptivo expediente municipal e, malia non ter solicitado o correspondente informe xurídico, recibiu resposta desfavorábel en todas as consultas informais realizadas entre o servizo de Festas e a Asesoría Xurídica do Concello, tal e como consta no informe subscrito por unha das súas letradas en data 29 de xuño de 2023. No mesmo, recóllense as advertencias claras e rotundas a respecto de que a referida carta de interese podía ser interpretada como un precontrato a todos os efectos.